



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

SEGUNDO EJERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA ELABORAR UNHA LISTA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSIBLES NOMEAMENTOS POR SUBSTITUCIÓN DA TITULAR DA PRAZA DE TRABALLADORA SOCIAL

"2º exercicio (30 puntos): consistirá en resolver no tempo máximo de 2 horas, un ou varios supostos prácticos relacionados coas materias do programa. A puntuación será de 0 a 30 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 15 puntos."

CASO PRÁCTICO:

María ten 82 anos de idade, e na actualidade ten diagnosticada unha enfermidade reumática, que lle impide levar unha vida normalizada, precisando axuda para o aseo persoal, o vestido, e realizar as tarefas domésticas, para as que ten moitas dificultades. Vive co seu cónxuxe de 88 anos no lugar de Torre, parroquia de Igrexafeita no Concello de San Sadurniño.

O matrimonio, ten dous fillos, que viven no domicilio familiar. O fillo maior, diagnosticado de Esquizofrenia, con discapacidade psíquica e valoración do 67%, con carácter definitivo dende o ano 2016. Na actualidade ten 55 anos de idade. A súa nai, María, é a que se encarga dos seus coidados e da medicación.

A outra filla, Carmen, de 54 anos, solteira, sin emprego na actualidade e sin cualificación profesional. Ten aprobada a ESO, nas probas para maiores de 18 anos, dende hai dous anos. Ten coche propio e carné de conducir B1. Ten problemas derivados do consumo de alcohol e conductas asociadas.

María acode aos Servizos Sociais Comunitarios, sendo a súa filla a que a leva a cita dos Servizos Sociais. María manifesta os seu malestar polo comportamento do seu cónxuxe, Juan, dende hai uns meses. A mosca comportamentos agresivos, confusión, e ata o outro día que foi buscar o periódico, non chegou a casa ata a noite, e gracias ao veciño que o trouxo. Andaba perdido polo lugar. María ten moitas dificultades na actualidade para prestar coidados ao seu home e ao seu fillo, Joaquin.

María esta moi preocupada por esta situación. E pola do seu fillo. Ten medo de que lle pase algo a ela, e pensa que vai a ser do seu home e do seu fillo. ¿Quen os vai a coidar? Pensa que non pode contar moito coa súa filla, Carmen.

Tanto María como Juan son pensionistas da Seguridade Social, cuns ingresos mensuais de 573,00 e 625,00€/mes. Os fillos non teñen ingresos económicos.

Non teñen familia extensa, agás unhas primas que viven en Sevilla, e coas que manteñen relación telefónica.

Manteñen boas relación veciñais; hai dúas casas máis preto de donde viven e non hai transporte público na zona. Depende para os seus desprazamentos da dispoñibilidade da súa filla. Hai días en que no se levanta da cama ata o mediodía. Nonazona. María pensa que é porque ela bebe.

A vista do caso prantexado:

- A) Relata o Diagnóstico Social que creas axeitado.
- B) Plantexa obxetivos.
- C) Plantexa actuacións a realizar dende o teu perfil profesional e aplicación de recursos dispoñibles no Concello de San Sadurniño e arredores.
- D) ¿Qué tipo de seguimento e de avaliación consideras axeitado?





San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- E) Elabora un Informe Social sobre a necesidade que consideres máis urxente e dirixido a quen creas oportuno.

Aclaracións do Tribunal:

Segundo as bases, o tempo de elaboración do Caso Práctico é de dúas horas; non hai limitación de papel. O Tribunal valorará a concreción, concisión, claridade de ideas na exposición e no desenvolvemento da proba.

